

## Bono coidado para a conciliación en situacións puntuais e períodos de vacacións escolares

---

### OBXECTO:

Regular a concesión e convocar axudas económicas ás familias con nenos e nenas residentes en Galicia de **ata doce anos** de idade, estes incluídos, para atención de necesidades de conciliación producidas entre o 1 de xaneiro e o 14 de setembro de 2022, de carácter puntual ou durante os períodos de vacacións escolares. Para os efectos desta orde, entenderanse como períodos de vacacións escolares os seguintes:

- Do 1 ao 7 de xaneiro.
- Os días 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo.
- Do 11 ao 18 de abril.
- Do 23 de xuño ao 14 de setembro.

### PERSOAS BENEFICIARIAS:

Os/as pais/nais e titores/as de nenos/as de ata doce anos de idade, estes incluídos, ou as persoas que os/as teñan en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos, que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e se atopen nos supostos seguintes:

- a. Que o neno ou nena sexa menor de trece anos no momento no que se produce o suposto para o que se solicita a axuda.
- b. Que ambos proxenitores, titores/as, acolledores/as, gardadores/as con fins adoptivos, familias monoparentais ou proxenitores con custodia non compartida, estean efectivamente traballando, no suposto de solicitudes por enfermidade ou accidente do neno ou nena e/ou por asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares. Nos supostos de custodia compartida, este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar, nestes casos, cada proxenitor unha solicitude individual.
- c. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### GASTOS SUBVENCIONABLES

Os seguintes gastos derivados dos medios empregados para a atención de nenos e nenas de ata doce anos de idade, estes incluídos, nos supostos previstos no apartado anterior e realizadas entre o 1 de xaneiro e o 14 de setembro de 2022.

1. Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar de forma temporal para o coidado do neno ou nena. Consideraranse tamén as ampliacións horarias de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade no que se refire á dita ampliación.
2. Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.
3. Asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social, en concreto, atención en ludotecas, espazos infantís ou servizos complementarios de atención á infancia previstos na sección quinta do capítulo III do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
4. Asistencia a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

### TIPO DE AXUDA E CONTÍA

Consistirá nunha achega que pode acadar ata o 100 % do custo das actuacións. A contía máxima da axuda será:

- De 500 euros por unidade familiar no caso de contratación dunha persoa empregada do fogar ou de servizos de atención á infancia a domicilio.
- De 200 euros por cada neno ou nena no caso de asistencia a servizos de conciliación autorizados pola Consellería de Política Social ou a campamentos ou outros recursos de conciliación colectivos especificamente organizados para a atención dos nenos e nenas nos períodos de vacacións escolares.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Ata o 30 de setembro de 2022

